

A POBOACIÓN

A **POBOACIÓN** é o conxunto de persoas viven de forma permanente nun territorio.

A poboación pode aumentar de xeito natural polos **NACEMENTOS**. A relación entre os nacementos que hai nun territorio e os seus habitantes chámase **NATALIDADE**.

Taxa Bruta de Natalidade = $(\text{Nacementos nun ano} / \text{Poboación}) \times 1000$

Exprésase en tantos por mil, porque é mais doado –por exemplo- dicir que houbo 8 nacementos por cada mil habitantes que expresar que houbo 0'008 nacementos nesa poboación.

Tamén pode aumentar a poboación polos habitantes que chegan vivir a ese territorio. Son os **INMIGRANTES**. Non se inclúen os turistas porque están menos dun ano e non traballan no lugar ao que viaxan.

A poboación pode diminuír de xeito natural polos falecementos ou **DEFUNCIÓNS**. A relación entre as defuncións que hai nun territorio e os seus habitantes chámase **MORTALIDADE**.

Taxa Bruta de Mortalidade = $(\text{Defuncións nun ano} / \text{Poboación}) \times 1000$

Exprésase en tantos por mil, porque é máis doado dicir –por exemplo- que houbo 8 defuncións por cada mil habitantes que expresar que houbo 0'008 defunción nesa poboación nun ano.

Pode diminuír tamén a poboación porque os seus habitantes vaian vivir a outro territorio. Nese caso estamos a falar de **EMIGRANTES**: persoas que se trasladan de xeito permanente a outro sitio para vivir e traballar.

Di se as seguintes afirmacións son Verdadeiro ou Falso:

- 1.- A poboación son os habitantes que hai nun lugar e viven de xeito permanente.
- 2.- A poboación pode aumentar polos nacementos e polos emigrantes
- 3.- A natalidade relaciona os nacementos coa poboación onde se producen.
- 4.- A diminución de poboación prodúcese polas defuncións e polos inmigrantes.

5.- A mortalidade relaciona as defuncións coas persoas que nacen.

Agora, calcula:

- A) O ano pasado houbo 8 nacementos en Vivalia, que tiña 1000 habitantes. Cal foi a natalidade (TBN)?

- B) En Pobencia (que ten 3000 habitantes) houbo 24 nacementos. Cal foi a natalidade (TBN)?

- C) En Pobencia (3000 habitantes), ademáis de 24 nacementos, houbo 20 defuncións, marcharon 7 emigrantes e viñeron 6 inmigrantes. Cantos habitantes hai a final de ano?

POBOACIÓN E TERRITORIO


Unha poboación pode ocupar un espazo pequeno, de xeito que falemos de que tal lugar está moi poboado, ou ben estar nun espazo moi grande, polo que falaríamos de que tal lugar non está moi poboado. A relación entre poboación e territorio (superficie medida en km²) chámase **DENSIDADE DE POBOACIÓN**.

D.P.= Habitantes/km²


Deste xeito temos que dous territorios con poboacións semellantes estean máis ou menos poboados porque os habitantes vivan máis ou menos espallados (é dicir que teñan máior ou menor densidade de poboación).

Mira os seguintes debuxos correspondentes a dous territorios, Pobolante e Argolante, e contesta:

POBOLANTE



ARGOLANTE



1. Cantos habitantes ten Pobolante?:
2. Cantos habitantes ten Argolante?:
3. Teñen a mesma poboación?
4. A superficie de Pobolante é de 5 km². Cal é a densidade de poboación de Pobolante?
Habitantes por kilómetro cadrado

5. A supercie de Argolante é de 3 km². Cal é a densidade de poboación de Argolante? Habitantes por kilómetro cadrado
6. Están igual de poboados (teñen a mesma densidade) os dous territorios? (Si ou Non) Por que?